


FICHAS CIVILIZACIÓN FLUVIAIS

1. Contesta verdadeiro (V) ou falso (F) ás seguintes afirmacións:

- Os edificios máis característicos das cidades mesopotámicas eran unhas tumbas que se chamaban cigurats.
- En época do rei babilonio Ramsés II redactouse o primeiro código de leis coñecido.
- A primeira escritura realizábase mediante pictogramas, logo ideogramas e logo a escritura cuneiforme.
- As primeiras cidades-Estado aparecen en Mesopotamia, na rexión de Sumer.
- A fase de inundación do río Nilo tiña lugar entre Outubro e Febreiro.
- Durante o Imperio Antigo, Amenofis IV proclamou o monoteísmo (culto a Atón).

2. Indica as distintas partes dun templo exipcio:



- a:
- b:
- c:
- d:
- e:
- f:
- g:

3. Explica as diferenzas entre unha mastaba, unha pirámide e un hipoxeo, e cal era a súa función.

4. Completa as seguintes frases:

- A relixión exipcia era, isto é, adoraba a moitos deuses.
- O deus do sol chamábase, e o deus dos mortos era
- Do matrimonio entre este último e Isis (deusa da) xorde o deus da guerra, que se chamaba e tiña cabeza de
- O deus dos embalsamamentos, con cabeza de, chamábase
- O deus da escritura tiña cabeza de e chamábase
- Os seres humanos estaban formados por un corpo e unha alma que se chamaba
- Os defuntos debían presentarse perante o Tribunal de
- Na balanza da xustiza pesábase o corazón do defunto e a pluma de

5. Contesta verdadeiro (V) ou falso (F) ás seguintes afirmacións. Corrixe as falsas:

- O pai dos deuses mesopotámicos era Ra, o deus Sol.
- O rei principal do imperio asirio foi Sargón I.
- A escritura propia de Mesopotamia era a cuneiforme e a de Exipto era a xeroglífica.
- As primeiras cidades-Estado aparecen en Mesopotamia, na rexión de Sumer.
- A fase de inundación do río Nilo tiña lugar entre Outubro e Febreiro.
- Os touros alados ou Lamasus tiñan a función de protexer os palacios en Mesopotamia.

6. Ordena os seguintes feitos do Antigo Exipto na súa etapa correspondente: (2 ptos)

Pirámide de Saqqara – Reinado de Hatshepsut – Finaliza coa invasión dos hicsos – Exipto réndelle culto a Atón – Capital en Menfis – Finaliza coas invasións dos pobos do mar – Exipto expándese cara ao sur, cara a Nubia- Reinado de Keops, Kefrén e Micerinos – – Exipto pasa a ser provincia persa- Os faraóns entérranse en hipoxeos

IMPERIO ANTIGO	IMPERIO MEDIO	IMPERIO NOVO	ÉPOCA TARDÍA

7. Sinala as principais semellanzas e diferenzas entre estas dúas esculturas.




A




B

8. Fíxate nas seguintes imaxes e contesta: *nome dos edificios, función, cultura ou civilización á que pertencen, lugar concreto no que se atopan, materiais de construción, época aproximada de construción e, por último, semellanzas e diferenzas.*



A




B

9. Explica as principais características da pintura exipcia:

10. Sinala as principais semellanzas e diferenzas entre: HAMMURABI e RAMSÉS II.

11. Axudándote da seguinte imaxe, explica as principais características da pintura exipcia:



12. Explica a diferenza entre:

-acadios e sumerios:

-Terras vermellas e terras negras:

-Mastaba e hipoxeo:


-Arco e bóveda:

13. Identifica. Marca verdadeiro (V) ou falso (F) segundo corresponda. Escribe debaixo correctamente as afirmacións erróneas.

- As primeiras civilizacións da historia xurdiron arredor dos grandes ríos.
- As primeiras civilizacións foron Grecia, Roma, Exipto e China.
- Os tipos de tumbas exipcias eran as mastabas, os templos e as pirámides.
- Nas civilizacións fluviais o poder político era moi débil.

14. Reflexiona. Por que se chamou á civilización exipcia “o don do Nilo”?


15. Sitúa no gráfico. Escribe os números no lugar correcto:



16. Resume. Completa a táboa sobre a sociedade exipcia:


SOCIEDADE EXIPCIA	
No campo	
Na cidade	
Escravos	
As mulleres	

17. Describe a obra. Escribe os números no lugar adecuado de debuxo.



1. Pilono
2. Santuario
3. Patio
4. Avenida das esfinges
5. Sala hipóstila

18. Interpreta a imaxe. Marca as características da arte exipcia que aparecen na fotografía:



- As figuras son colosais
- As figuras son realistas
- As figuras son ríxidas e estáticas
- As figuras están idealizadas
- As figuras están representadas de fronte
- As figuras móstranse en movemento

18. Contesta verdadeiro (V) ou falso (F) ás seguintes afirmacións. Corrixe as falsas:

- Unha das características comúns das civilizacións mesopotámica e exipcia e que estaban sometidas a un poder político forte.
- En época do rei babilonio Hammurabi redactouse o primeiro código de leis coñecido.
- A escritura mesopotámica chamábase xeroglífica e a exipcia chamábase cuneiforme.
- As primeiras cidades-Estado aparecen en Mesopotamia, na rexión de Sumeria ou Caldea.
- O territorio do antigo Exipto estaba situado entre os ríos Tigris e Éufrates .
- Os exipcios, para a construción dos seus templos, utilizaban o arco e a bóveda.

19. Completa o seguinte cadro da sociedade mesopotámica marcando cun X o grupo social que corresponda:

	Rei e nobres	Sacerdotes	Funcionarios	Artesáns e campesiños	Escravos
Vivían nos templos					
Dominaban a escritura e as contas					
Carecían de dereitos e eran propiedade doutras persoas					
Dispoñían da maior parte das terras e ocupaban os cargos máis altos					
Pagaban con parte da colleita					
Controlaban a calidade dos produtos					
Traballaban nos obradoiros					
Alugaban as terras ao rei ou ao templo					

20. Ordena os seguintes feitos do Antigo Exipto na súa etapa correspondente: (1,5 pts)

A. Conquista de Alexandre Magno – B. Grandes pirámides – C. Reinado de Ramsés II – D. Finaliza coa invasión dos hicsos – E. Reinado de Akhenatón – F. Capital en Tebas – G. Finaliza coas invasións dos pobos do mar – H. Exipto expándese cara ao sur, cara a Nubia- I. Reinado de Keops, Kefrén e Micerinos – J. Período turbulento con guerras e invasións – K. Exipto pasa a ser provincia persa- L. Os faraóns entérranse no Val dos Reis - M. Construción da pirámide escalonada de Saqqara

IMPERIO ANTIGO	IMPERIO MEDIO	IMPERIO NOVO	ÉPOCA TARDÍA

21. Relaciona os feitos da columna da esquerda coa civilización mesopotámica ou exipcia:

Crían na vida de ultratumba

Utilizaban a bóveda e máis o arco nos seus edificios

Utilizaban a cerámica vidrada

Os hititas foron os seus rivais

1. EXIPTO

O seu rei era fillo de Deus

Practicaban a momificación

2. MESOPOTAMIA

Construían en adobe

Inventaron a escritura

As súas capitais foron Menfis e Tebas


Era coñecida como “o don do Nilo”

22 Ordena os seguintes feitos do Antigo Exipto na súa etapa correspondente:

A. Keops fai construír a pirámide en Guiza – **B.** Finaliza coa invasión dos hicsos – **C.** Capital en Menfis – **D.** O rei asirio Asurbanipal invade Exipto.- **E.** Os faraóns entérranse no Val dos Reis - **F.** Construción da pirámide escalonada de Saqqara – **G.** Establécense as bases do Estado e sociedade de Exipto - **H.** A raíña Hatshepsut faise coroar faraón – **I.** Iníciase con Mentuhotep II – **J.** No ano 30 a.C convértese en provincia romana.

IMPERIO ANTIGO	IMPERIO MEDIO	IMPERIO NOVO	ÉPOCA TARDÍA

23. Completa a imaxe dos símbolos do faraón e contesta a pregunta:



a:

b:

c:


d:

e:

f:


Cales eran os poderes do faraón no Antigo Exipto?

24. Analiza o mapa de Mesopotamia e realiza a actividade que se propón:



A antiga Mesopotamia estendíase polo territorio destes países actuais:

25. Completa este mapa situando nel os seguintes nomes: Alto Exipto, Baixo Exipto, mar Mediterráneo, mar Vermello, deserto de Libia, deserto arábigo, río Nilo, Karnak, Luxor e Guiza.






26. Completa o seguinte texto colocando estas palabras: agricultura, fértil, inundacións, auga, civilización, Nilo, escaseza, norte, latitude, seco.

O espazo ocupado por Exipto é unha franxa.....rodeada de desertos. A súa situación no.....de África e a súa.....confírenlle un clima cunha importante.....de auga, precisamente nos seus meses máis cálidos. Se non fose pola presenza do.....e os seus desbordamentos, sería impensable calquera tipo de.....Desde a antigüidade, os exipcios preocupáronse por controlar o río e as súas....., para aproveitar así a auga.

A vexetación natural está claramente determinada polos condicionantes climáticos, pero o control do permitiu o desenvolvemento dunha agricultura moi rica, así como o asentamento dunha.....milenaria.

27. Identifica as formas de enterramento:

		
<p>É unha _____</p>	<p>É unha _____</p>	<p>É un _____</p>
<p>As súas características _____</p>	<p>As súas características _____</p>	<p>As súas características _____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>
<p>_____</p>	<p>_____</p>	<p>_____</p>

28. Contesta verdadeiro (V) ou falso (F):

- A maioría da poboación exipcia estaba sometida ás decisións do faraón e os privilexiados.
- Os escravos tiñan dereitos e podían traballar onde querían.
- Os campesiños traballaban as súas terras durante a enchente do Nilo, o resto do tempo descansaban.
- Os comerciantes traían a Exipto madeira, perfume e metais, tiñan moedas de ouro e prata.
- As mulleres exipcias podían ter propiedades, administrar os bens e mesmo divorciarse.
- Ningunha muller podía ser faraón de Exipto.

